

Título da actividade	Poesías visuais
Área ou materia	Lingua galega
Curso ao que vai dirixido	1º ciclo
Apps empregadas	Visual Poem
Obxectivos	- Escribir pareados. - Coñecer vocabulario coas partes do día. Abrente, mañá, mediodía, tarde, solpor, luscofusco, noite. - Interesarse por presentar os traballos dunha forma bonita e ordenada.
Competencias	Comunicación lingüística Tratamento da información e competencia dixital. Social de cidadá Autonomía e iniciativa persoal. Coñecemento e interacción co mundo físico.
Descrición	Traballamos na clase as partes do día. Con elas facemos rimas de dous versos. Coa aplicación Visual Poetry creamos nas tablets as poesías visuais. Buscamos imaxes que representen esa parte do día e escribimos as rimas enriba. Rimas que fixeron: Polo abrente esperta a xente. Pola mañá vin unha araña. Polo mediodía como unha pavía. Pola tarde o sol arde. Polo solpor escóndese a flor. Polo luscofusco a miña casa busco. Pola noite tomo un vaso de leite.
Materiais adxuntos	
Observacións	